

## ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **19 de decembro de 2025**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións 13/05/2025, 29/05/2025, 9/07/2025, 19/09/2025, 16/10/2025 e 26/11/2025.
2. O Director informa dos seguintes temas:
  - O 25/04/2025, o Director participou na entrega de premios da IV Edición Rexional de Galicia do Concurso de programación universitaria Ada Byron.
  - O centro participou na Xornada de Portas Abertas (12/06/2025), na que promoveu os graos en Enxeñaría Informática e en Intelixencia Artificial.
  - Celebrouse a Xornada de Portas Abertas do centro o 21/06/2025.
  - Do 23 ao 27 de xuño celebrouse o campamento “Aldaba-TIC Camp 2025. Misión Salvar a Terra”.
  - Diversos institutos visitaron o centro.
  - O 21/11/2025 entregáronse os premios de Software Libre.
  - Os días 23 e 29 de novembro, o Director e o Subdirector de Planificación, asistiron á Asemblea Xeral anual da CODDII.
  - O centro está en proceso de eleccións: primeiro renovarase a Xunta de Centro e posteriormente elixírase ao Director.
  - O número de estudantes de primeira matrícula nos dous graos é de 224. Con respecto aos másteres, o MEI ten 24 estudantes e o MIA 9 estudantes.
  - A data límite de entrega da distribución da bolsa de horas é o 31 de xaneiro de 2026.
  - O 17/12/2025 visitaron o centro aproximadamente 400 estudantes de secundaria.
3. Apróbase por asentimento a composición do grupo de traballo para a elaboración da modificación da Memoria do Grao en Intelixencia Artificial.
4. Ratifícase por asentimento a composición da comisión interuniversitaria de redacción da modificación da Memoria do Grao en Intelixencia Artificial.

5. Apróbase por asentimento a composición da comisión de redacción da modificación da Memoria do Grao en Enxeñaría Informática.
6. Apróbase por asentimento o Protocolo de actuación ante fraudes académicos.
7. Apróbase por unanimidade o Regulamento de Prácticas Académicas Externas Curriculares.
8. Apróbase por asentimento os seguintes representantes en comisións :
  - Permanente: 1 PDI ámbito informático
  - Calidade: 1 estudante do Grao en Enxeñaría Informática e 1 egresado
9. Apróbase por asentimento a declaración de interese para a emisión dunha microcredencial.
10. O profesor responsable da materia “Bases de Datos I” informa de que cada vez que a materia “Sistemas Operativos I” ten un exame práctico non se poden usar os servidores da ESEI, en concreto onde está Oracle.
11. O Director desexa a todos o mellor no futuro e unha entrada no ano 2026 chea de saúde, tranquilidade e bos proxectos.